

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------|----------|---------------|
| 36018501 | IES Monte Carrasco | Cangas | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 4º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 9 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 10 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 11 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 11 |
| 7.2. Actividades complementarias | 12 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 14 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá esta programación partiuse dun currículo que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por iso, neste curso propónse un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Monte Carrasco, que está situado no concello de Cangas, parroquia de Darbo, no lugar coñecido como Monte Carrasco do que toma o nome, nunha zona rica en legados prehistóricos, en concreto, petróglifos, atópase a unha distancia duns catro quilómetros do centro urbano e ten como centro adscrito o CEIP "San Roque" da mesma parroquia. Darbo, contorna xeográfica e social do alumnado que escolariza o centro, está situado no centro do termo municipal de Cangas, sendo a máis poboado do mesmo. Ten unha tendencia clara ao aumento de poboación, pois nos últimos anos algunhas zonas da mesma estanse a converter en áreas residenciais do propio municipio e do propio Vigo.

O IES Monte Carrasco está tipificado como centro de ESO con 8 unidades de liña 2 (2 grupos para cada un dos cursos desta etapa educativa). Conta con 8 aulas, unha para cada un dos grupos de alumnos e alumnas. De 1º a 4º da ESO, con dous grupos por cada nivel. Dotadas de equipos informáticos, canóns e pantallas dixitais, son espazosas, moi luminosas e adaptadas as necesidades do alumnado. Catro delas son aulas Abalar (1º e 2º ESO). O centro conta, ademais, con tres aulas de desdobres. Como aulas específicas están a aula de música, a aula de informática, a aula de educación plástica e visual, o taller de tecnoloxía, a aula de atención específica, o laboratorio e o ximnasio. Existen tamén espazos de uso común coma o salón de actos, a biblioteca e no presente curso inaugura un espazo dedicado a un proxecto interdisciplinar chamado "Polos Creativos". No que se refire ao espazo exterior, o centro conta con aproximadamente 5.000 m² de xardíns e zonas de xogo e lecer, entre os que se atopa unha pista polideportiva e un invernadoiro.

Esta programación está deseñada para impartir a materia nos grupos de 4º da ESO.

4º ESO A está composto por 15 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos.

4º ESO B está composto por 14 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A paisaxe e o territorio. | <p>Explicación dos obxectivos do proxecto. Formación de grupos de traballo e repartición de roles.</p> <p>Identificaranse os sectores económicos de interese patrimonial, turístico e paisaxístico do concello (arte e cultura, gastronomía, festas populares, actividades deportivas e de lecer,...)</p> <p>Elaboración dunha lista cos posibles temas de investigación acompañada dunha valoración preliminar do seu interese e potencial.</p> <p>Reparto dos temas propostos en función dos intereses de cada grupo. planificación correspondente.</p> | 10 | 4 | X | | |
| 2 | Miramos ao pasado para saltar cara o futuro. | <p>Investigación e recompilación de fontes bibliográficas, hemerográfica, documentais, orais, audiovisuais...</p> <p>Elaboración dun dossier ou repositorio con toda a información reunida.</p> <p>Elaboración de fichas informativas de cada un dos elementos patrimoniais ou paisaxísticos.</p> <p>Debate grupal sobre o formato que lle darán ao proxecto (podcast, vídeo, exposición, campaña publicitaria..)</p> <p>Programación e planificación do proxecto establecendo obxectivos, metodoloxía, recursos, temporalización e avaliación do mesmo.</p> | 15 | 6 | X | | |
| 3 | Fillos e fillas do Morrazo | <p>Redacción dun guión de traballo e reparto de tarefas entre os membros do grupo.</p> <p>Traballo de campo para documentar os elementos do proxecto e recadar</p> | 20 | 8 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Fillos e fillas do Morrazo | información de fontes orais, axentes culturais... Posta en común e revisión do proxecto (modificacións da proposta inicial). Preparación dos recursos necesarios para a elaboración do produto. Elaboración dos distintos elementos que compoñen o proxecto. | 20 | 8 | | X | |
| 4 | Ímolo contar bonito. | Dar formato definitivo ao proxecto ensamblando todos os elementos que o compoñen. Establecer as estratexias para difundir e promocionar os proxectos. Redacción da presentación do proxecto. Elección das canles e medios de difusión. | 25 | 10 | | X | X |
| 5 | Descubre a península do Morrazo. | Presentación e difusión dos proxectos en distintos ámbitos (Centro escolar, locais socioculturais, medios de comunicación locais...) Avaliación do proxecto (enquisas de valoración, aspectos a mellorar..) | 30 | 7 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | A paisaxe e o territorio. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática escollida. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización da curtametraxe. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar coñecementos básicos e mobilizar competencias conforme ás súas capacidades. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar algúns dos recursos materiais previstos. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar as incidencias e pedir axuda para resolver incidencias. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | Miramos ao pasado para saltar cara o futuro. | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Identificar algúns recursos necesarios. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Seleccionar a información que se precisa. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Aplicar a secuencia prevista para a execución do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Resolver algunha incidencia sen axuda. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 3 | Fillos e fillas do Morrazo | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Cumprir os prazos de entrega. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar o aprendido cun nivel mínimo de calidade. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os recursos e materiais máis axeitados para cada tarefa. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar incidencias e pedir axuda para resolvelas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados e propoñer melloras. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 4 | Ímolo contar bonito. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Entregar en prazo a parte do proxecto asignada. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar o aprendido cun mínimo de calidade. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os recursos e materiais máis axeitados. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Comunicar incidencias e solicita axuda para resolvelas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados e propoñer melloras. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------------------|-----------------|
| 5 | Descubre a península do Morrazo. | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Cumprir cos prazos de entrega. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar o aprendido cun mínimo de calidade. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os recursos máis axeitados en cada caso. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados e propoñer melloras. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar un discurso intelixible. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Manter o contacto visual e empregar un ton de voz axeitado. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Amosar confianza e seguridade na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Non ler a presentación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Dende Cangas cara o mundo".

Este proxecto afonda no patrimonio histórico e natural do concello de Cangas, dende unha perspectiva interdisciplinar que aúne diferentes materias e fomentando o traballo das diferentes competencias. Este proxecto permite unha aproximación á identidade local, o que pode estimular a aprendizaxe do alumnado por canto se traballa unha realidade próxima á súa vida cotiá. Ademais, o coñecemento do patrimonio local pode incidir positivamente na defensa e posta en valor do mesmo.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. O alumnado será quen de procurar información por diversos medios (internet, xornais, recollidas mediante entrevistas...) e operar con ela, creando un produto final que será susceptible de avaliación.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Elaboración dun mapa que permita localizar territorialmente os lugares de interese patrimonial e turístico da contorna do municipio de Cangas. Recopilación de material gráfico dos items escollidos. Algúns dos posibles temas son:

- Ocio e cultura da contorna.
- As nosas festas populares.
- A música e a danza da nosa xuventude.
- Do mar o prato.
- A fiestra das illas atlánticas.
- Espiritualidade e arquitectura.
- O Arte da nosa parte.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais para recopilar información e elaborar un repositorio de fichas técnicas de cada un dos items escollidos para o proxecto:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre.
- Consultas nos concellos.
- Entrevistas ás familias.
- Entrevistas á veciñanza das vilas.
- Entrevistas ós profesionais do mar.
- Visita ós centros de interese turístico.
- Visita ó mercado ou negocios relacionados coa gastronomía da zona.

- Roteiro do entorno natural do municipio.
- Visitas os lugares de interese patrimonial.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión en "Radio Labirinto" o programa de Radio do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais, etc...

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Ordenador. |
| Equipamento de gravación (móviles, tablets...) |
| Material de Polos Creativos. |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será a Biblioteca do Centro e a aula de Polos Creativos, onde os distintos grupos buscarán a información sobre o proxecto.

Na segunda avaliación, o espazo habitual será a aula de Polos Creativos e incluírá algunha saída para facer traballo de campo.

Na última avaliación, as presentacións dos proxectos terán lugar en distintos espazos do centro, biblioteca, corredores, aula de Polos Creativos... e fóra do centro, CPI asociado, locais socioculturais do Concello...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 15 | 20 | 25 | 30 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | | | | |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | | X | X | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | | X | X | | |
| ET.4 - Competencia Dixital | | X | X | | |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | | |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | | |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | | |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Visitas os lugares de interese patrimonial e turístico | Recollida de información e material gráfico. | X | | |
| Entrevista nun medio de comunicación local | Difusión informativa do proxecto. | | X | |
| Exposición en locais socioculturais | Exposición e explicación do proxecto á veciñanza. | | | X |

Observacións:

Estableceranse distintos premios (calidade, innovación, público...) para as presentacións dos proxectos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |
| Clima de traballo na aula |
| Participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado. |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados